

ARS MAGIRICA. II XORNADAS GASTRONÓMICAS ROMANAS

Do 3 ao 26 de maio de 2013

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Estas condicións resultan de obrigado cumprimento e son aplicables aos establecementos participantes.

1. OBXECTIVO

O Concello de Lugo, dende a Concellería de Xuventude, organiza *ARS MAGIRICA*, II Xornadas Gastronómicas Romanas, as cales nos permitirán degustar os sabores da antiga Roma.

Os establecementos de hostalería participantes ofrecerán: unha tapa ou menú degustación.

O prezo da tapa e do menú serán establecidos libremente por cada establecemento.

2. DATAS E HORARIOS

Celebraranse do 3 ao 26 de maio de 2013. Os horarios serán os seguintes:

Xantares: todos os días dende as 13:00 ás 16:00 horas.

Ceas: todos os días dende as 21:00 ás 00:00 horas.

Tapas: o horario habitual de cada establecemento

Respectando as xornadas de descanso de cada local.

3. CONDICIÓNS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

Poderá participar nestas xornadas calquera establecemento de hostalería situado no municipio de Lugo que se inscriba nelas dentro do prazo establecido e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar dado de alta no imposto de actividades económicas.

b) Ter establecemento aberto ao público no municipio de Lugo e estar en posesión da licenza municipal correspondente.

Ademais os establecementos participantes terán que cumprir os seguintes requisitos específicos:

1. Ofrecer unha tapa ou ben un menú especial acorde á cultura culinaria romana durante os días que se celebren as Xornadas Gastronómicas Romanas. Non poderá modificarse a tapa e ningún dos pratos durante a duración das xornadas

2. Na publicidade que se faga das Xornadas Gastronómicas Romanas, incluírase a tapa ou menú co prezo detallado na ficha de inscrición de cada participante.

3. O establecemento participante mostrará a tapa ou menú que ofrece durante as Xornadas Gastronómicas nun cartel, que proporcionará o Concello de Lugo, situado nun lugar visible do establecemento e na carta que entregará ao cliente informando delas, ademais de calquera material promocional editado polo Concello para a difusión das xornadas.

4. Durante a celebración das xornadas, os establecementos comprométense a ofrecer unha tapa ou menú durante os días e horarios establecidos.

3.1. Solicitude de participación

Para participar nas *ARS MAGIRICA* II Xornadas Gastronómica Romanas deberá cubrirse o formulario de inscrición que poderá atopar na páxina web <http://inscripcion.ardelucus.com>. A inscrición no concurso confirmarase no seu correo electrónico.

As persoas que non dispoñan de internet poden presentar a súa solicitude nas dependencias da Concellería de Xuventude para a súa tramitación.

Na ficha de inscrición detallarase a tapa e/ou menú, prezo e horarios durante as *ARS MAGIRICA* II. Xornadas Gastronómicas, e que se incluírá na publicidade que se faga desta.

O prazo de inscrición para participar nas II Xornadas Gastronómicas Romanas de Lugo será dende o momento do seu anuncio ata o 19 de abril de 2013.

As condicións de participación estarán dispoñibles na Concellería de Xuventude (Centro Convivencial Uxío Novoneyra, rúa Quiroga Ballesteros, s/n, 3ª planta - 27001 Lugo) ou no Servizo 010.

3.2. Compromiso de participación

Ningún participante poderá abandonar o seu compromiso de participación unha vez comezadas as II Xornadas Gastronómicas Romanas, estando obrigados a manter a tapa e/ou menú inscrito durante o seu período de duración, do 3 ao 26 de maio de 2013.

O establecemento participante comprométese a achegar toda a información necesaria para a posta en marcha e desenvolvemento das II Xornadas Gastronómicas Romanas nos prazos establecidos por esta, así como de levar a cabo as actividades que especificará na ficha de inscrición.

Os establecementos participantes informarán a todas as persoas que o soliciten sobre as xornadas.

3.2. Concurso de tapas e menús

Participando nas xornadas, cada local quedará inscrito no concurso de tapas e menús.

A votación para o dito concurso será vía internet dende a páxina www.ardelucus.com, só podéndose votar unha vez por cada tapa ou menú. Haberá dous premiados, á mellor tapa e ao mellor menú Arde Lucus. Os menús e as tapas puntuaranse de 1 a 5 puntos, valorando todas as calidades (presentación, sabor, adaptación á época...). Todos os que participen nas votacións entrarán nun sorteo dun lote de produtos típicos.

Á súa vez, o local do que resulte a tapa e o menú gañador recibirá un diploma acreditativo e queda obrigado a que durante a festa, estea dispoñible a tapa ou o menú gañador. A todos os establecementos participantes daráselles publicidade no web do Arde Lucus ata a celebración do Arde Lucus do 2014.

4. DISPOSICIÓNS XERAIS

4.1. Submisión ás normas de participación

Todos os participantes, polo feito da súa inscrición, aceptan estas condicións xerais de participación. Toda infracción a calquera dos artigos destas bases poderá motivar a exclusión inmediata, temporal ou definitiva do establecemento.

O Concello resérvase o dereito de excluír para futuras participacións en edicións posteriores das xornadas a aqueles establecementos que non cumpran con estas normas.

4.2. Forza maior

En caso de forza maior, as datas das xornadas poderán ser modificadas ou a súa celebración anulada.

4.3. Reserva de dereitos

A organización resérvase o dereito de resolver respecto a todos os casos non previstos ou que aparezan dubidosos nestas condicións de participación, considerándose as súas decisións executivas inmediatamente despois de ser pronunciadas.

ANEXO I: FICHA DE INSCRICIÓN

ARS MAGIRICA. II Xornadas Gastronómicas Romanas	
ESTABLECEMENTO HOSTALEIRO:	
NIF:	E-MAIL:
ENDEREZO:	
TELÉFONO DE CONTACTO:	
PERSONA DE CONTACTO:	
DÍA/S DE PECHE:	
MENÚ: <ul style="list-style-type: none"> • Entrante • Primeiro prato: • Segundo prato: • Sobremesa: • Pan / Bebidas: 	
TAPA:	
PREZO DO MENÚ: (IVE incluído)	PREZO DA TAPA: (IVE incluído)
ACTIVIDADE (detallar data e hora):	
Solicita participar nas ARS MAGIRICA. II Xornadas Gastronómicas Romanas , que terán lugar do 3 ao 26 de maio de 2013 . Así mesmo, comprométese a cumprir os requisitos e as normas establecidas pola organización nas normas xerais de participación para o desenvolvemento desta mostra.	
Data:	Sinatura e selo:

Achegar cuberto á Concellería de Xuventude no caso de non facer a inscrición na web <http://inscripcion.ardeLucus.com> (Centro Convivencial Uxío Novoneyra, r/ Quiroga Ballesteros s/n, 3ª planta - 27001 Lugo), **data límite 19 de abril de 2013**.

Para máis información pode contactar cos teléfonos: 010 e 982 29 74 96



Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

interesadas. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición os datos persoais rexistrados neste ficheiro, poderanse exercer ante a Concellería de Xuventude